

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CORRESPONDENTE AO DÍA 23 DE XULLO DE 2025

EXPEDIENTE NÚMERO: 2025/G010/000008

Acordado na sesión plenaria que tivo lugar o 12 de xullo de 2023, a periodicidade e o horario das sesións ordinarias do Pleno do Concello.

Consonte coas atribucións concedidas á alcaldesa polo artigo 21.1 c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), esta alcaldía RESOLVE:

Convocar a sesión ordinaria do Pleno do Concello, que terá lugar na data, hora e para os asuntos a tratar que se indican na seguinte orde do día.

Día: 23 de xullo de 2025.

Hora: 09:00 horas.

Lugar: sala de sesións da Casa do Concello.

A partir desta data ten vde. ao seu dispor, nas dependencias municipais, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na seguinte,

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de maio de 2025.

2º. Proposta non ditaminada sobre a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal núm.17 reguladora da taxa pola prestación de servizos e utilización de instalacións culturais, educativas, deportivas e análogas de titularidade municipal. Exp. 2025/G016/000001.

3º. Proposta non ditaminada sobre a solicitude de financiación á Deputación da Coruña para o proxecto de actividades singulares: Vimianzo mola e asalto ao Castelo. Exp.2025/A008/000042.

4º. Ditame sobre solicitude de bonificación do ICIO solicitada por Proyectos Climáticos de Galicia, S.L. por mor das obras de construción de edificación industrial destinada a almacén de empresa instaladora de climatización de frío industrial, situada na parcela P-4 do parque empresarial. Exp. 2025/X999/000127.

5º. Ditame sobre aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 2025/SC/04, na modalidade de suplemento de crédito. Exp.2025/T002/000022.

6º. Ditame sobre a designación de festivos locais para o ano 2026. Exp.2025/X999/000137.

7º. Ditame sobre a prórroga do contrato administrativo para a concesión de obra pública coa finalidade de construír e explotar o nomeado "Parque eólico singular O Barrigoso" de Vimianzo. Exp.2025/C006/000001.



8º. Ditame sobre moción presentada polo grupo municipal do BNG sobre a situación do idioma propio de Galicia e a adopción de medidas para a súa normalización.

9º. Ditame sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2025. Exp.2025/A008/000046.

B) Sección de control

10º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

11º. Mocións de urxencia.

12º. Rogos e preguntas.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario, dou fe.

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado dixitalmente)

Diante de min
O secretaria xeral
Francisco Javier Novoa Juiz